

FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 2
-----------------	--	-------	--	--------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / ____		Sexo:	Home ☐	Muller ☐
Lugar de nacemento:	☐ Galicia ☐ Outras comunidades de España ☐ Europa ☐ América ☐ África ☐ Asia ☐ Oceanía				
Lugar de residencia:	☐ Cidade ☐ Vila ☐ Aldea				
Tipo de estudos cursados:	☐ Universitarios ☐ Secundarios ☐ Primarios ☐ Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use típex).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.

Celga



2

Proba A1

Vostede ten un amigo que vive no estranxeiro a quen lle interesa moito a cultura e a actualidade de Galicia. Logo de escoitar o principio dun programa da radio, pensa que lle pode interesar e decide escribirlle unha **mensaxe electrónica**. No texto, en **200 palabras**, ten que:

- Saudalo e comentarlle o motivo da súa mensaxe.
- Adiantarlle cales son os contidos do programa segundo o fragmento escoitado.
- Explicarlle quen é o entrevistado no devandito programa.
- Animar o seu amigo a escoitar o programa, comentarlle cando e onde se pode escoitar e despedirse

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Proba A2

Despois de ler o artigo sobre a exposición “Memorias do noso lar”, vostede decide poñerse en contacto cunha amiga á que lle gusta moito cociñar para propoñerlle ir xuntas. Para iso escríballe unha **mensaxe electrónica**, de **200 palabras**, na que ten que:

- Saudala e explicarlle o motivo da mensaxe.
- Describirlle o tipo de exposición.
- Xustificar por que lle parece interesante a exposición.
- Animala a que comparta algunha das súas receitas e despedirse.

Memorias do noso lar: unha celebración da gastronomía galega e das súas cociñas

Que é “Memorias do noso lar”?

Descubrir, explorar e comprender o longo proceso de formación da gastronomía galega e dos seus pratos durante máis de dous mil anos de historia é o obxectivo desta exposición que o mes que vén se vai poder visitar no Museo do Pobo Galego, en Santiago de Compostela. A través de imaxes, sons, aromas e sabores, os visitantes experimentarán dous mil anos de historia gastronómica de Galicia cun programa diverso de actividades gastronómicas e espectáculos ao redor da exposición “Memorias do noso lar” que este ano chega á súa terceira edición.

A exposición

A cociña como espazo doméstico de elaboración de alimentos e como un lugar principal da cultura galega centrará a exposición. Fotografías de gran formato, recreacións 3D, infografías, paneis interactivos e audiovisuais levarán o visitante pola evolución histórica da gastronomía galega, desde a Idade do Ferro ata a modernidade e ao longo de toda Galicia.

O fío condutor desta viaxe temporal son os retratos de interiores domésticos de toda Galicia, realizados por fotógrafas ben coñecidas. Os visitantes teñen a posibilidade de apreciar a diversidade xeográfica e temporal das antigas cociñas aínda en uso, que son retratadas cos seus propietarios, porque nelas se conformou a gastronomía galega que hoxe coñecemos. E, ao carón destes retratos documentais, poderanse probar diferentes pratos de diferentes épocas tentando aproximarse ao que coñecemos como gastronomía galega.

A exposición pretende amosar a evolución ao longo da nosa historia destes espazos domésticos que son as cociñas galegas e facer reflexionar sobre como a nosa gastronomía é un complexo proceso cultural que se vai conformando ao longo de séculos.

Os organizadores esperan aínda contar coas achegas das persoas que o soliciten, a través de receitas ou fotografías. Esta parte interactiva da exposición consiste en que os cidadáns interesados en contribuír dalgún xeito ao enriquecemento da exposición presenten diferentes testemuños relacionados coa gastronomía galega. O enderezo de contacto é:

Memorias do noso lar. Exposicións
Apartado 15706 Santiago de Compostela

II EDICIÓN DE MEMORIAS NO NOSO LAR

Algunhas das receitas que se expuxeron na anterior edición de “Memorias do noso lar”:

As papas pegas
O capón con ostras
A tortilla ao ron
O arroz con lumbricante
A empanada de pan de millo con zamburiñas

...



Os textos destas receitas aparecían na exposición xunto a fotos e obxectos reais relacionados coa historia da gastronomía galega: antigas cociñas, utensilios para cociñar, ingredientes utilizados, vellos libros de receitas etc.

Texto adaptado de www.manuelgago.org/blog

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións: